

Raíces folclóricas na obra de Rosalía de Castro: o tema do corazón

Xoán Naya Pérez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NAYA PÉREZ, XOÁN (2011 [1986]). “Raíces folclóricas na obra de Rosalía de Castro: o tema do corazón”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 201-203. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1558>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

NAYA PÉREZ, XOÁN (1986). “Raíces folclóricas na obra de Rosalía de Castro: o tema do corazón”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 201-203.

- * Edición dispoñíbel desde o 14 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

RAÍCES FOLCLÓRICAS NA OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO: O TEMA DO CORAZÓN

XOÁN NAYA PÉREZ

Real Academia Galega

No meu libro “Inéditos de Rosalía”, Santiago de Compostela, 1953, inclúo un capítulo titulado “Rosalía, colaboradora do seu esposo” —o Patriarca Murguía— no que aludo a certos orixinais rosalianos con temas literarios de orde folclórica que da insigne cantora galega gardo por amable concesión de dona Gala, filla do inmortal matrimonio. Neste capítulo non pretendín máis que facer unha simple referencia a esta faceta que estimei senón ignorada pouco coñecida na obra da ilustre muller, e para iso bastoume, creo, reproducir unha “Canción de Nadal”, aludir ós romances “Silvana”, tan común en Portugal e España, o de “As tres comadres”, o que comeza “La Virgen se está peinando”; varias cancións populares, refráns versificados e por último o romance ou canción dos cegos diante da Porta Santa da Catedral compostelá que se inserta íntegro.

Dicía no devandito capítulo que acaso o máis sublime da obra rosaliana estea no que nela aparece tomado do acervo popular para devolve-lo logo glosado en inefables composicións. Como mostra daba, entre outras, aquela copliña que cantaba o pobo:

Campanas de Bogallido
cando vos oyo tocar
revíraseme o sentido

que indubidablemente foi a que inspirou “Campanas de Bastabales”, superior en moito, como sempre acontecía, á suxerencia.

Non me propuxen, repito, dicir naquelas breves liñas máis que o exposto aínda que o tema fose tan grato e suxestivo. Confíei en que máis adiante podería volver sobre del e pensaba amplialo relacionándoo ademais coas posibles poéticas inspiradoras fontes lusitanas que Rosalía tivo na que para min é a máis espléndida das súas producións.

A aquelas fontes terei de referirme só nestas liñas por consideralas como as máis idóneas con este ilustre recordo como unha homenaxe de fondo afecto a Portugal.

A produción de Rosalía á que me refiro é a que principia

Mais vé qu’o meu corazón
é unha rosa de cen follas

ã que atribúo como indubidable antecedente aqueles admirables versos populares portugueses, máxima expresión lírica do país fraterno, que din

Aquí tes meu coração,
se o quiseres matar podes;
ollas que estás dentro dele
e se o matas también morres.

Aínda que penetrado desta evidencia non podía senón conxecturar por non posuír unha base sólida en que apoiarme. Os elementos para fundamentalo meu xuício non eran máis que subxetivos e era aventurado sentar posicións. Hoxe atrévome case a asegurar que a quarteta portuguesa influíu de modo notorio naquel poema.

Un posterior e valioso donativo que de papeis e folletos pertencentes a Rosalía de Castro me fixo a súa devandita filla, leváronme a tal convencemento. Entre eles encóntrase un “Almanaque Hispano Lusitano para 1872”, impreso en Madrid en 1871. Nesa publicación que foi adicada polo que parece o seu director Benigno Joaquín a Murguía, insértanse, entre variado texto en castelán e portugués os catro versos reproducidos máis arriba. Con eles figuran outros de indubidable valor, mais inferiores a estes.

Por ese tempo encontrábase Rosalía en Simancas, onde o seu marido desempeñaba a xefatura do famoso Arquivo histórico español; e aquí na desolada terra castelá, foi o lugar en que compuxo o fermoso ramallete de poesías que corre co título de “Follas Novas”.

Figura neste volume o precioso poema, sen título, como a maioría dos que nel aparece, o xa aludido que empeza

Mais vé quó meu corazón
ó que, repito, considero como resultado do coñecemento que da canción portuguesa tivo Rosalía ó le-lo almanaque citado.

Como elementos de xuício poderíamos aporta-la data, a idea e a beleza insuperable da quarteta lusitana. Ademais hai un fondo común, que o seu tema é o corazón sempre presente na obra rosaliana. Recórdese aquela outra composición que comeza

Unha vez tiven un cravo...

Apurando ata o posible a investigación verbo do tema, encontrei, rebuscando noutros papeis da gloriosa poeta cancións populares galegas co mesmo motivo e tema, e aínda se é certo que non están escritas coa súa grafía iso non impide que as puxese para a súa utilización en calquera momento.

Son estas cancións as que van a continuación, as que non me admiraría tivesen unha correspondencia fiel en Portugal, por se-los dous países de común raíz lírica e étnica:

Ahí tel-o meu corazón
fechadiño con duas chaves;
ábreo e métete dentro
que ti soliña ben cabes.

O meu corazón che mando
e unha chave para o abrir;
nin eu teño máis que darche
nin ti máis que me pedir.

Se a inclinación natural de Rosalía foi tomar do pobo, como xa dixemos, o máis xenuíno e poético que este cantaba para amplialo e darlle perenne fixeza como ela só podía facer, temos tamén o antecedente do seu home Manuel Murguía, un dos primeiros que en España, con Machado, galego como el, se adicaron ós estudos folclóricos. Murguía solicita da súa muller en varias ocasións a recollida das diversas manifestacións da musa popular porque pensa facer un estudio sobre a literatura galega, dando máis amplitude a aquel meritorio esbozo da súa “Antología”, publicada anos antes. E non só terá de ser Rosalía a que cumpra o que importaba a esta cuestión, senón tamén Alexandra, a primeira filla, nena aínda, que tomará fielmente, con clara caligrafía o xa mencionado romance “Silvana” que oe a unha velliña de Laxe, comarca da costa norte de Galicia.

E Rosalía, requerida pola amorosa e angustiada chamada ancestral que a estimula a fundirse co espírito do pobo para obter del o mellor das súas esencias, vese estimulada tamén polos requerementos de que xa temos noticia, os do seu home, e entón, senón o estivese xa, confírmase que aquí, no acervo popular está o limpo manantial da súa inspiración ó comprobar polos novos testemuños que del vai recollendo canta é a súa frescura, canta a súa lozanía, canto o caudal poético que polas súas entrañas discorre, violento ás veces, doce e melancónico outras e en ocasións alegre e retozón.

O exemplo que ofrecemos coa saudosa cantiga portuguesa que tantas lembranzas levaría ó corazón da nosa poeta confírmanolo.